

DOMINGO XXIII ORDINARIO (B)

PRIMEIRA LECTURA (Is 35, 4-7a)

Lectura do libro do profeta Isaías

Dicídelles ós de corazón tímido: "Collede ánimo, non temades. Velaí o voso Deus. Chega a vinganza, a recompensa de Deus. Chega El mesmo, e salvaravos". Entón abríranse os ollos dos cegos, e os oídos dos xordos destapananse. Entón o coxo saltará coma un corzo e a lingua do mudo cantará xubilosa. Si, saen á luz augas no deserto e ríos na estepa: a terra reseca convértese nunha lagoa, e a terra sedenta en mananciais de auga.

SALMO RESPONSORIAL Sal 145, 7. 8-9a. 9bc-10

R/. (1): **Loa, miña alma, o Señor.**

Ou: **Aleluia.**

El garda por sempre a súa fidelidade:
faílles xustiza ós oprimidos
e dálles pan ós famentos.

O Señor libra os cativos,
o Señor abre os ollos dos cegos,
o Señor endereita os dobrados,
o Señor ama os xustos.
O Señor protexe os forasteiros.

O Señor sostén os orfos e as viúvas,
extravía os camiños dos malvados.
O Señor reina eternamente,
o teu Deus, Sión, por xeracións e xeracións.
Aleluia.

SEGUNDA LECTURA (Sant 2, 1-5)

Lectura da Carta do Apóstolo Santiago

Meus irmáns, a fe que temos no noso Señor Xesús Cristo, o glorioso, non cadra ben con certos distingos entre persoas. Entra na vosa asemblea -é un supoñer- un home cun anel de ouro, vestido con moita galanura, e entra tamén un pobre vestido con farrapos; se vos fixades no que vai ben vestido, e lle dicides: "ti acomódate ben aquí", e ó pobre "ti queda de pé aí", ou "senta no chan ós meus pés", ¿non estades facendo distincións entre vós mesmos, converténdoos en xuíces de criterios inicuos? Escoitádeme ben, meus irmáns queridiños: ¿seica non escolleu Deus os pobres deste mundo para seren ricos na fe e herdeiros do Reino que Deus prometeu ós que o aman?

EVANXEO (Mc 7, 31-37)

Lectura do Santo Evanxeo segundo Marcos

Naquel tempo, Xesús, deixando Tiro, veu dar por Sidón ó mar de Galilea, atravesando a Decápole. Presentáronlle un xordomudo, e suplicáronlle que lle impuxese as mans. Xesús, separándoo da xente, meteulle os dedos nas orellas e tocoulle a lingua con cuspe. Logo, erguendo os ollos ó ceo, suspirou e dixo: - Effatá (ou sexa: "ábrete"). E no instante abríronselle os oídos, e falaba perfectamente. Logo prohibiulles contalo a ninguén; pero canto máis llelo prohibía, máis o espallaban. E a xente, totalmente abraiada, comentaba: - ¡Que ben o fai todo! Fai que os xordos oian e que os mudos falen.